

EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA  
Excmas. e Ilmas. Autoridades  
Miñas donas e meus señores

No nome da COMISION ORGANIZADORA deste *Congreso Castelao*, éme moi grato dirixirme a todos vostedes para lles dar a benvida ao Congreso e, no caso dos asistentes que veñen de fóra de Galicia, darlles a benvida a esta Terra, e a esta cidade capital de Santiago de Compostela.

Tamén me complace agradecer, do modo máis sinceiro e profundo, a xenerosa acollida que tivo esta convocatoria do Congreso Castelao. Perto dun cento de intervencións que están anunciadas, e tamén perto de cincocentas persoas que están inscritas, dan a medida do eco e alcance que o Congreso acadou. E a Comisión Organizadora é a primeira en se magoar de que, xa denantes de se fechar a data de recepción de inscricións, tivese que rexeitar numerosas peticións, ao se ver totalmente rebasada nas súas previsións iniciais.

Nos quixemos facer un Congreso *aberto*, de modo que se non admitimos máis persoas foi porque materialmente nos resultaba imposible. Esperamos, con todo, que a pequena incomodidade que deriva dunha asistencia tan copiosa se ha ver compensada pola calor e a seguridade que amosa este interés pola figura e a obra de Alfonso Rodriguez Castelao.

Pero estamos certos de que tanta afluencia e interés polo Congreso non é mérito da Comisión Organizadora. Débese, pola contra, á figura do autor rianxeiro. Castelao xa concitara en vida as máis plurais adhesións, o respecto máis amplo, a admiración máis xeral. E a súa obra, tan diversa polos eidos nos que se manifestou -arte, literatura, pensamento, actividade política...- é a que permite tal pluralidade de achegamentos e de interés pola súa figura. Pluralidade que non corre o risco de se converter en reflexións puramente xustapostas: a firmeza dos primeiros *nacionalistas* que guiou toda a actividade pública (e non só a política) de Castelao é o vencello que impide o escagallamento e a invertebración...

As razóns que moveron ás institucións convocantes -Fundación Castelao, Universidade, Consellería de Cultura e Benestar Social- para anunciar a celebración deste Congreso non estaban, pois, descamiñadas. No ano do centenario do nacemento de Castelao, declarado oficialmente como ANO CASTELAO pola Xunta de Galicia, acordouse convocar este Congreso cuns *obxectivos* que, na nosa modesta opinión, poderán ser amplamente cubertos nas sesións que se nos aveciñan:

a) En primeiro lugar, entendían estas institucións que, neste ANO CASTELAO, eran posibles moitas celebracións e homenaxes ao redor da figura do autor rianxeiro. Pero que compría facer unha homenaxe de carácter perdurable, que deixase *pouso no tempo*. A celebración deste Congreso e a súa

posterior concreción nas ACTAS do mesmo será, deste modo, a mellor homenaxe que se lle poida render á figura de Castelao.

b) A figura de Castelao, por ser tan "completa" e mesmo polifacética, e por encarnar algunhas das arelas máis profundas do sentir nacional galego, ten sido máis *invocada*, mesmo rifada, do que estudada. A celebración deste Congreso permitirá, pois, avanzar nunha análise científica da súa figura e da súa obra. Este enfocamento permitirá, pois:

- unha sistematización de todo o que ata agora se ten escrito e dito sobre Castelao. É hora de facer un primeiro balance que sirva de derrego entre dúas maneiras de entender a Castelao: a da adhesión ou repulsa, tan entusiastas como acriticas, ou, pola contra, a da súa instalación no lugar que lle corresponde: o de ser un dos *pais fundadores* da nación galega.
- que se abra un foro de discusión e de debate sobre a figura de Castelao, no que a disputa aceda, case a loita fratricida, se encamiñe polo vieiro do argumento e da forza da razón.

Balances, debates, novas aportacións, perspectivas non entrevistas ata o de agora. Todo isto será, certamente, a achega deste Congreso. E tamén se farán máis nidias as lagoas e os puntos oscuros. Esperamos que este Congreso tamén sirva para estimular a pescuda sobre Castelao.

Son moitos e moi ambiciosos, pois, os obxectivos que nos propuxemos lograr con esta convocatoria do Congreso Castelao. E quixemos tamén que a actividade congresual se vise amparada con outras actividades, non só de esparcemento como é frecuente nos congresos, senón tamén de carácter complementario. Este é o fin de facer a exposición bibliográfica de *Castelao no galeguismo* ou de repoñer, neste mesmo marco onde se celebrarán as sesións do Congreso, as exposicións de *Rosalía a Castelao: Galicia, e Castelao*. Será, pois, unha semana na que a figura de Castelao ha de estar presente, e pensamos que coa máis fonda pegada, no seo da sociedade galega.

Como dixen ao principio, a convocatoria deste Congreso Castelao foi posible gracias ao acordo a que chegaron as tres institucións convocantes. Sobre delas recaeu o peso principal da organización e financiación do mesmo. Pero o Congreso non sería, quizais, posible sen o concurso de moitas outras institucións e persoas que tanto contribuíron ao mesmo e que, coa súa simple mención aquí, non son remuneradas máis que nunha infima parte. Estou a me referir a:

- Biblioteca Xeral da Universidade, e á súa directora, pola contribución á exposición de *Castelao no galeguismo*.
- Instituto P. Sarmiento e Fundación Penzol, que tamén cederon fondos de seu para a devandita exposición.
- Museo do Pobo Galego e Ministerio de Cultura, que contribuíron desinteresadamente para a reposición das dúas exposicións de *De Rosalía a Castelao: Galicia e Castelao*.
- Excma. Diputación Provincial da Coruña, pola súa xenerosa axuda á financiación do Congreso.

- Museo de Pontevedra, que ademáis de ceder fondos para unha das exposicións, prestouse a acoller a este Congreso para celebrar alí unha das súas sesións.
- Museo Carlos Maside de Sada, onde tamén o Congreso vai celebrar unha das súas sesións. Ao director do Museo, D. Isaac Diaz Pardo, temos que lle agradecer, do modo máis especial, o diseño e fabricación dunha figura que simbolizará por moito tempo a celebración deste Congreso.
- Ilmo. Concello de Rianxo, que colabora na organización da sesión de clausura deste Congreso.

Pero se este Congreso puido ser celebrado e organizado da forma que todos vostedes poden ver -e gostaríanos que tamén disimulasen as inevitables deficiencias ou involuntarios esquecementos que sempre se producen-, foi gracias tamén ao traballo humano. Ao labor que durante meses lle dedicaron tres estudantes desta Universidade que, baixo a experta batuta do Secretario-Coordenador, D. Justo G. Beramendi, fixeron posible este Congreso.

Con todas estas axudas, foinos, pois, ben doado chegar a este acto inaugural, no que presentamos un Congreso que esperamos que non desmereza da figura que aquí a todos nos congregou.

Con esta esperanza traballamos todos estes meses e estamos certos de que, coa súa presenza, coas súas aportacións, cos debates que aquí se han producir, os obxectivos do Congreso terán sido abundantamente cubertos.

A figura de Castelao terá, entón, a cercanía que concede o seu coñecemento máis fondo e máis íntimo.

RAMON VILLARES